



Acordo do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Coruña, polo que se somete a información pública, a solicitude de autorización administrativa previa e de construción, e o estudo de impacto ambiental (EIA) do proxecto do parque eólico Rego do Lobo e as súas infraestruturas de evacuación, nos concellos de Muxía, Cee e Dumbría (A Coruña) (expte. IN408A 2024/009).

En cumprimento do disposto na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e créase o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental; na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico; no Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e demais normas vixentes de aplicación, sométese a información pública a solicitude relacionada coa instalación que se describe a continuación:

Solicitante/Promotor: **EDP Renovables España, S.L.U.** (NIF: B91115196)

Domicilio social: Praza do Fresno, nº2, 33007, Oviedo, Asturias

Denominación do proxecto: **Parque eólico Rego do Lobo e infraestruturas de evacuación.**

N.º expediente: **IN408A 2024/009**

Concellos afectados: **Muxía, Cee e Dumbría (A Coruña)**

Potencia a instalar: **24,2 MW (3 aeroxeradores a 6,8 MW e 1 aeroxerador a 3,8 MW)**

Potencia a autorizar/evacuable: **24,2 MW**

Producción neta anual: **74,05 GWh/ano**

Orzamento de execución material:

- Parque eólico: **19.498.249,15 €**
- Infraestrutura de evacuación: **3.257.895,84 €**

Prazo de execución: **Nove (9) meses**





Localización (área de afección):

Coordenadas perimétricas da poligonal do parque eólico:

Vértice poligonal	Coordenadas UTM fuso 29 ETRS89	
	X	Y
V01	482.500,00	4.766.750,00
V02	483.220,00	4.766.870,00
V03	483.370,00	4.765.360,00
V04	483.370,00	4.762.290,00
V05	481.150,00	4.762.290,00
V06	481.500,00	4.764.240,00
V07	482.500,00	4.764.300,00

Coordenadas dos aeroxeradores:

Aeroxerador	Coordenadas UTM fuso 29 ETRS89	
	X	Y
RdL-01	482.978,00	4.766.564,00
RdL-02	483.119,00	4.765.366,00
RdL-03	482.426,00	4.762.855,00
RdL-04	482.720,00	4.762.565,00

Coordenadas da subestación:

Vértices Subestación	Coordenadas UTM fuso 29 ETRS89	
	X	Y
1	482.802,94	4.762.773,81
2	482.851,40	4.762.769,64
3	482.846,66	4.762.714,51
4	482.798,20	4.762.718,68

Coordenadas da torre de comunicacións:

Torre Comunicacións	Coordenadas UTM fuso 29 ETRS89	
	X	Y
RdL-TC	482.836,74	4.762.698,59





Coordenadas das torres meteorolóxicas:

Torre Meteorolóxica	Coordenadas UTM fuso 29 ETRS89	
	X	Y
RdL-TM	482.657,00	4.766.491,00
TM provisional (posición RdL-01)	482.978,00	4.766.564,00

Coordenadas da liña de evacuación:

Liña de evacuación	Coordenadas UTM fuso 29 ETRS89	
	X	Y
Inicio (Pórtico SET Rego do Lobo)	482.835,32	4.762.760,46
Apoio nº 14 (paso aéreo-soterrado)	485.439,60	4.761.520,43
Apoio nº 15 (paso soterrado-aéreo)	486.395,28	4.760.837,39
Apoio nº 31 (paso aéreo-soterrado)	489.659,13	4.759.212,49
Finalización (Pórtico SET Paxareiras II)	491.595,88	4.758.767,70

Características técnicas da instalación:

- Tres (3) aeroxeradores tripá do fabricante Vestas modelo V162, de 7,2 MW de potencia nominal limitada a 6,8 MW, cun diámetro de rotor de 162 m e unha altura de buxa de 119 m, que se corresponden cos aeroxeradores RdL-01, RdL-02 e RdL-03.
- Un (1) aeroxerador tripá do fabricante Vestas modelo V117, de 4,2 MW de potencia nominal limitada a 3,8 MW, cun diámetro de rotor de 117 m e unha altura de buxa de 91,5 m, que se corresponde co aeroxerador RdL-04.
- Tres (3) centros de transformación de 8.400 kVA de potencia e relación de transformación 0,80/30 kV para os aeroxeradores RdL-01, RdL-02 y RdL-03, que se instalarán no interior de cada aeroxerador, cos seus correspondentes equipos de seccionamento, manobra e protección.
- Un (1) centro de transformación de 5.150 kVA de potencia e relación de transformación 0,80/30 kV para o aeroxerador RdL-04, que se instalará no interior do aeroxerador, cos seus correspondentes equipos de seccionamento, manobra e protección.





- Rede soterrada de 30 kV para conectar os aeroxeradores coa subestación colectora de Rego do Lobo 66/30 kV, composta por dous circuitos con cable unipolar de tipo AL RHZ1 - 18/30 kV, e seccións de 150, 300 e 500 mm².
- Rede de comunicacións Ethernet co fin de realizar as tarefas de monitorización e control do parque eólico, que usará como soporte un cable de fibra óptica que se tenderá nas mesmas gabias dispostas para a evacuación da enerxía eléctrica.
- Unha torre de comunicacións de 80 m de altura, para a colocación de antenas e radios en distintas alturas que conecta o sistema de control e monitorización do parque eólico mediante fibra óptica.
- Rede de posta a terra constituída por cable de cobre espido de 70 mm² de sección.
- Unha torre meteorolóxica provisional, que servirá para a calibración da torre meteorolóxica definitiva, que terá 119 m de altura, de celosía e arrostrada.
- Unha torre meteorolóxica definitiva de 119 metros de altura, con capacidade autoportante, equipada cos seus correspondentes equipos de medición.
- Subestación transformadora Rego do Lobo para elevar a tensión do parque eólico, proxectada do seguinte modo:
 - Sistema 66 kV en intemperie, equipado cunha posición de transformador/liña 66kV e un transformador de potencia trifásico 22,5/30 MVA, ONAN/ONAF e relación de transformación 30/66 kV.
 - Sistema 30 kV en intemperie, equipado con transformador de servizos auxiliares 30/0,42 kV e potencia 100 kVA, reactancia de posta a terra, batería de condensadores e grupo electrógeno.
 - Sistema 30 kV en interior: conxunto de celas de media tensión para protección da entrada/saída de liña, transformador de potencia e transformador de servizos auxiliares e de reserva, de medida de barras, e de batería de condensadores.
 - Un edificio de control que albergará o sistema de control da subestación, área de comunicacións e as celas de media tensión.
- Unha liña de alta tensión aero-soterrada de 66 kV para evacuar a enerxía xerada cunha lonxitude total 12.201 m dividida en 4 tramos, dende a subestación do parque eólico Rego do Lobo ata a subestación do parque eólico Paxareiras II, obxecto de outro proxecto técnico (expte. IN661A 2011/8):





- Tramo 1: Aéreo de simple circuito, condutor tipo LA-180, con orixe na subestación Rego do Lobo e final no apoio nº14, cunha lonxitude de 3.364 metros.
 - Tramo 2: Soterrada en gabiá de simple circuito con condutor tipo RHZ1 1x400 mm² Al 36/66 kV H50 Cu, con orixe no apoio nº14 e final no apoio nº15, cunha lonxitude de 1.676 metros.
 - Tramo 3: Aéreo de simple circuito, condutor tipo LA-180, con orixe no apoio nº15 e finalización no apoio nº31, con 4.536 metros de lonxitude.
 - Tramo 4: Soterrada con condutor tipo RHZ1 1x400 mm² Al 36/66 kV H50 Cu, orixe no apoio nº31 e final nunha posición de liña na SET do parque eólico Paxareiras II, con 2.625 metros de lonxitude.
- Unha posición de liña 66kV con configuración HIS T-L na subestación do parque eólico Paxareiras II.
 - Finalmente, a enerxía xerada evacuarase desde a SET parque eólico Paxareiras II a través dunha liña aero-soterrada de 66 kV ata a SET colectora A Lagoa 66/220kV. Nesta instalación elevarase a tensión para, a través dunha liña de 220kV, alcanzar o punto de conexión á rede na SET Regoelle 220kV. Estas instalacións de evacuación conxunta, non pertencen ao alcance do presente proxecto.

Obxecto da información pública:

O proxecto de execución e o estudo de impacto ambiental (EIA) correspondente ao parque eólico Rego do Lobo e as súas infraestruturas de evacuación, localizado nos concellos de Muxía, Cee e Dumbría, de acordo co establecido na normativa vixente de aplicación.

Documentación que se expón:

1. O proxecto de execución: "Parque eólico Rego do Lobo e infraestruturas de evacuación. Tomo I. Modificado Sustancial. Proyecto de ejecución. Parque eólico y subestación Rego do Lobo. Término municipal de Muxía. Provincia de A Coruña. febrero, 2026" (vsdo. o 05/03/2026).
2. O proxecto de execución: "Parque eólico Rego do Lobo e infraestruturas de evacuación. Tomo II. Modificado Sustancial. Proyecto de ejecución. Línea de alta tensión 66 kV. Términos municipales de Muxía, Cee y Dumbría. Provincia de A Coruña. febrero, 2026" (vsdo. o 05/03/2026).





3. O estudo de impacto ambiental (EIA): "Estudio de Impacto Ambiental relativo al Parque Eólico Rego do Lobo y sus infraestructuras de evacuación asociadas. Municipios de Muxía, Cee y Dumbría (A Coruña). diciembre 2025" (asinado 05/12/2025).

Polo exposto, faise público para o coñecemento xeral e para que se poida examinar a documentación técnica anteriormente relacionada, e no seu caso, presentar as alegacións ou observacións que estimen oportunas, dentro do prazo de trinta (30) días, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste Acordo no Diario Oficial de Galicia (DOG), de conformidade co artigo 33.10 da citada Lei 8/2009, do 22 de decembro.

A documentación estará a disposición para a súa consulta nas dependencias do servizo de Enerxías Renovables e Infraestruturas do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (rúa Vicente Ferrer, núm. 2-2º andar, 15071 A Coruña, teléfonos 981 184982 e 981 184983), de luns a venres das 9:00 as 14:00 horas, así como na casa dos concellos de Muxía, Cee e Dumbría (A Coruña). Así mesmo, tamén poderase consultar no portal web desta Consellería a través da seguinte ligazón: <https://medioambiente.xunta.gal/enerxias-renovables/documentos-exposicion-publica>

A Coruña, na data indicada na sinatura dixital

A directora territorial

Mª Pilar Arias Graña

